

mación se deba exclusivamente á presentación da solicitude fóra do prazo máximo de seis meses desde o nacemento do produto.

Disposición transitoria segunda. *Procedementos en tramitación.*

As solicitudes de inscrición no rexistro de nacementos do libro xenealóxico correspondente de équidos de raza pura de ámbito nacional, nas cales non recaese resolución firme en vía administrativa no momento da entrada en vigor deste real decreto, resolveranse de acordo co previsto nel.

Disposición transitoria terceira. *Normas zootécnicas transitorias.*

Mentres non se aproben as ordes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación que establezan as regulamentacións específicas das razas equinas Menorquina e Mallorquina, será de aplicación a normativa zootécnica de ambas as razas en vigor no momento da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico e título competencial.*

Este real decreto constitúe normativa básica e dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, polo que se lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de maio de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
ELENA ESPINOSA MANGANA

**8386** *REAL DECRETO 518/2005, do 6 de maio, polo que se modifica o Real decreto 3448/2000, do 22 de decembro, polo que se establece a normativa básica das axudas estruturais no sector pesqueiro, o Real decreto 1048/2003, do 1 de agosto, sobre ordenación do sector pesqueiro e axudas estruturais, e o Real decreto 1473/2004, do 18 de xuño, polo que se establecen medidas de carácter socioeconómico no sector pesqueiro e se modifica o Real decreto 3448/2000, do 22 de decembro. («BOE» 121, do 21-5-2005.)*

O Regulamento (CE) n.º 1421/2004 do Consello, do 19 de xullo de 2004, que modifica o Regulamento (CE) n.º 2792/1999 polo que se definen as modalidades e condicións das intervencións con finalidade estrutural no sector da pesca, introduciu unha serie de novidades nas devanditas intervencións.

O Regulamento (CE) 2792/1999 do Consello, do 17 de decembro de 1999, foi desenvolvido polos reais decretos 3448/2000, do 22 de decembro, polo que se establece a normativa básica do sector pesqueiro, 1048/2003, do 1 de agosto, sobre ordenación do sector pesqueiro e axudas estruturais, e 1473/2004, do 18 de xuño, polo que se esta-

blecen medidas de carácter socioeconómico no sector pesqueiro e se modifica o Real decreto 3448/2000, do 22 de decembro.

Ao ter sido modificado o Regulamento (CE) n.º 2792/1999 polo Regulamento (CE) n.º 1421/2004, considérase conveniente, por razóns de seguridade xurídica, levar a cabo unha adaptación dos reais decretos que o desenvolven aos cambios introducidos naquel.

As citadas modificacións teñen unha especial incidencia na acuicultura.

Así mesmo, introdúcense modificacións no relativo ao equipamento de buques pesqueiros que instalen dispositivos acústicos de disuasión ás capturas accidentais de cetáceos.

Tamén se recollen cambios na substitución de artes de pesca, cando o buque estea suxeito a un plan de reconversión.

Polo que respecta ás axudas aos cultivadores de moluscos, prevese nos casos en que a contaminación obrigue a suspender a cría durante máis de catro meses. Neste caso, establécese para a paralización temporal a necesidade de notificar, previamente, á Autoridade Nacional de Xestión, as medidas que pretendan adoptar como contribución financeira as comunidades autónomas.

Por último, habilitanse medidas especiais de aumento de primas aos membros da tripulación dos buques obxecto dunha paralización definitiva, dentro das axudas socioeconómicas.

Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, nos seus artigos 57 e seguintes, regula os criterios básicos para a regulación da frota pesqueira en cuxo marco se incardinan as disposicións deste real decreto.

Así mesmo, a citada lei nos seus artigos 82 e 83 atribúelle ao Goberno a elaboración das normas que afecten a comercialización dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura e as medidas de fomento que afecten esta actividade para mellorar a calidade dos devanditos produtos e incrementar o seu valor engadido, así como favorecer un eficaz aproveitamento dos recursos.

Pola súa parte, a disposición derradeira segunda da Lei 3/2001, do 26 de marzo, autoriza o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas do sector afectado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de maio de 2005,

DISPONGO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 3448/2000, do 22 de decembro, polo que se establece a normativa básica das axudas estruturais no sector pesqueiro.*

O Real decreto 3448/2000, do 22 de decembro, polo que se establece a normativa básica das axudas estruturais no sector pesqueiro, modifícase nos seguintes termos:

Un. Engádeselle unha alínea e) ao punto 2 do artigo 37, coa seguinte redacción:

«e) A mellora das actividades tradicionais de acuicultura como o cultivo de moluscos e a diversificación das especies criadas.»

Dous. O artigo 40 queda redactado como segue:

«Artigo 40. *Piscicultura intensiva.*

1. Os contratantes de proxectos de piscicultura intensiva remitirán, xunto coa solicitude de axuda pública, a información establecida no anexo IV da

Directiva 85/337/CEE do Consello, do 27 de xuño de 1985, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o ambiente. Á vista da mencionada información, o órgano competente na tramitación da axuda determinará se o proxecto se debe someter a unha avaliación de conformidade cos artigos 5 a 10 da devandita directiva.

No caso de que se conceda a axuda pública, os custos derivados da recollida de información sobre o impacto ambiental e os posibles custos da avaliación serán subvencionables mediante a axuda do IFOP.

2. Serán subvencionables os custos iniciais sufragados polas empresas de acuicultura para participar no sistema comunitario de xestión e auditorías ambientais establecido no Regulamento (CE) n.º 761/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de marzo de 2001, polo que se permite que as organizacións se adhiran con carácter voluntario a un sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS), así como os investimentos referidos a obras de acondicionamento ou mellora da circulación hidráulica dentro das empresas acuícolas e nos buques de servizo.

3. Os buques de pesca, na acepción recollida no artigo 3.c) do Regulamento (CE) n.º 2371/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002, sobre a conservación e a explotación sostible dos recursos pesqueiros en virtude da política pesqueira común, non terán a consideración de buques de servizo aínda que se utilicen exclusivamente na acuicultura.»

Tres. O punto 1 do artigo 43 queda redactado como segue:

«1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán adoptar medidas para o fomento de investimentos materiais no ámbito da protección e o desenvolvemento dos recursos acuáticos, incluídos os recursos de auga doce, coa excepción da repoboación.»

Catro. O primeiro parágrafo do artigo 44 queda redactado do seguinte modo:

«Os gastos subvencionables mediante a axuda do IFOP referiranse á instalación de elementos fixos ou móbiles destinados a protexer e desenvolver recursos acuáticos, á rehabilitación de ríos e lagos, incluídas as zonas de desova, á facilitación da migración a favor e en contra das correntes de especies migratorias, así como ao seguimento científico dos proxectos. Estes deberán:»

Cinco. O artigo 59 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 59. *Accións innovadoras e de asistencia técnica.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán promover ou fomentar a realización de accións innovadoras nas condicións dispostas polo Regulamento (CE) n.º 2792/1999 do Consello, do 17 de decembro de 1999, polo que se definen as modalidades e condicións das intervencións con finalidade estrutural no sector da pesca.

Por tales accións enténdese a execución de estudos, proxectos piloto e de demostración, medidas de formación, asistencia técnica, intercambio de

experiencias e divulgación, relacionadas coa preparación, aplicación, seguimento, avaliación ou adaptación do programa operativo e do documento único de programación.

2. As iniciativas de investigación aplicada de pequena escala cuxo custo non supere 150.000 euros e non teña máis de tres anos de duración, realizadas por un axente económico, un organismo científico ou técnico, unha organización representativa ou calquera organismo competente, serán subvencionables como proxectos piloto, sempre que contribúan aos obxectivos de desenvolvemento sostible da industria da acuicultura.»

Seis. Engádense os seguintes parágrafos ao pé do cadro 3 do anexo 1:

«Malia o disposto na columna do grupo 3 do cadro 3, nos investimentos relativos á utilización de técnicas que reduzan substancialmente os efectos sobre o ambiente ou proxectos relativos á piscicultura extensiva que teñan repercusións beneficiosas para o ambiente, a participación dos beneficiarios privados (C) será, como mínimo, do 30 por cento do gasto subvencionable nas rexións do obxectivo número un e, como mínimo, do 50 por cento nas demais rexións, sen prexuízo dos índices de repercusión para as rexións ultraperiféricas. A avaliación dos beneficios ambientais será levada a cabo con cargo ao promotor e verificada pola autoridade de control competente. Cando se outorgue a axuda pública, os custos de avaliación poderán optar a unha axuda do IFOP.

Nos investimentos relativos á construción de novas piscifactorías intensivas non incluídas entre as relacionadas no artigo 37.2, a participación dos beneficiarios privados (C) será, como mínimo, do 50 por cento do custo subvencionable nas rexións do obxectivo número un e, como mínimo, do 70 por cento nas demais rexións.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 1048/2003, do 1 de agosto, sobre ordenación do sector pesqueiro e axudas estruturais.*

O Real decreto 1048/2003, do 1 de agosto, sobre ordenación do sector pesqueiro e axudas estruturais, modifícase nos seguintes termos:

Un. O artigo 36 queda redactado como segue:

«Artigo 36. *Condicións para a concesión de axudas.*

1. Poderanse conceder axudas públicas para o equipamento de buques pesqueiros, a utilización de técnicas de pesca máis selectivas e sistemas de localización de buques, a modernización daqueles que melloren as condicións de traballo e de seguridade ou para a instalación de dispositivos acústicos de disuasión, conforme o Regulamento (CE) n.º 812/2004 do Consello, do 26 de abril de 2004, polo que se establecen medidas relativas ás capturas accidentais de cetáceos na pesca. As axudas concederánselles aos propietarios de buques da lista terceira do Rexistro oficial de matrícula de buques que se encontren debidamente inscritos no Censo da frota pesqueira operativa, sempre que:

a) Os buques non estean ofertados como baixa para novas construcións, ou presentados para seren subvencionados por paralización definitiva ou sociedades mixtas.

b) As axudas non contribúan a incrementar a capacidade, en termos de arqueo ou potencia, con excepción dos preceptuados no artigo 27.

c) Non sirvan para aumentar a eficacia das artes de pesca.

d) Estean autorizadas as obras pola comunidade autónoma correspondente.

e) Os buques estean inscritos, polo menos cinco anos, no Censo da frota pesqueira operativa.

A substitución das artes de pesca non se considerará gasto subvencionable, excepto cando o buque estea suxeito a un plan de reconversión e deba concluír a súa participación na pesca de que se trate, tendo que pescar outras especies mediante artes de pesca distintas. Neste caso, a Comisión poderá decidir que a prima de substitución das artes de pesca se poida considerar un gasto subvencionable cando as posibilidades de pesca se vexan reducidas polo plan de reconversión.

No suposto de que, conforme o previsto no parágrafo anterior, a Comisión decida que poden ser obxecto de axuda as artes de pesca, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación concretará cales serán os tipos de artes subvencionables no plan de reconversión que, de ser o caso, se lle apliquen á frota española.

2. As modificacións das características do buque deberánselle comunicar ao Censo da frota pesqueira operativa, e os buques deberanse medir conforme as disposicións comunitarias cando efectúen obras de modernización.»

Dous. O punto 2 do artigo 37 queda redactado da seguinte forma:

«2. Os gastos en equipamento e modernización non serán subvencionables durante os cinco anos seguintes á entrada en servizo dos buques que reciban unha axuda pública para a construción do buque de que se trate, salvo os relacionados co equipamento de sistemas de localización de buques e os dispositivos acústicos de disuasión.»

Tres. Engádeselle un punto 3 ao artigo 62, coa seguinte redacción:

«3. Poderáselles conceder unha compensación financeira aos cultivadores de moluscos cando a contaminación provocada nos peixes polo crecemento de plancto produtor de toxinas ou a presenza de plancto que conteña biotoxinas mariñas faga necesario, para a protección da saúde humana, suspender a cría durante máis de catro meses consecutivos ou cando as perdas xeradas como resultado da suspensión da cría durante un período de concentración de vendas representen máis do 35 por cento do volume anual de negocio da empresa de que se trate, calculado sobre a base do volume de negocio medio desa empresa durante os tres anos anteriores. A concesión da compensación non poderá abarcar máis de seis meses de suspensión da cría durante todo o período comprendido entre o 27 de agosto de 2004 e o 31 de decembro de 2006.»

Catro. A alínea f) do punto 2 do artigo 63 queda redactada do seguinte modo:

«f) A paralización estacional recorrente da actividade pesqueira e da acuicultura non poderá desfrutar de compensación ningunha.»

Cinco. Engádeselle un punto 3 ao artigo 63, coa seguinte redacción:

«3. No caso de que o Consello da Unión Europea adopte un plan de recuperación ou de que a Comisión Europea ou o Estado adopten medidas

de emerxencia, non se aplicará o disposto nos artigos 47.b) e 59.b).»

Seis. O artigo 65 queda redactado como segue:

«Artigo 65. *Notificación.*

Para os efectos de controlar o límite financeiro do catro por cento ou un millón de euros da contribución financeira do IFOP ás medidas previstas no artigo 62 e pola restrición do uso de artes de pesca, e o esforzo pesqueiro en todo o territorio nacional, as comunidades autónomas remitiranlle á Autoridade Nacional de Xestión as medidas de paralización temporal co cálculo pormenorizado das primas que se pretendan outorgar coa antelación suficiente antes da entrada en vigor, para a súa aprobación.»

**Artigo terceiro.** *Modificación do Real decreto 1473/2004, do 18 de xuño, polo que se establecen medidas de carácter socioeconómico no sector pesqueiro e se modifica o Real decreto 3448/2000, do 22 de decembro, polo que se establece a normativa básica das axudas estruturais no sector pesqueiro, en materia de acuicultura e comercialización.*

O Real decreto 1473/2004, do 18 de xuño, polo que se establecen medidas de carácter socioeconómico no sector pesqueiro e se modifica o Real decreto 3448/2000, do 22 de decembro, polo que se establece a normativa básica das axudas estruturais no sector pesqueiro, en materia de acuicultura e comercialización, modifícase nos seguintes termos:

Un. Engádesse un parágrafo ao final do artigo 3, coa seguinte redacción:

«No caso de que o Consello adopte un plan de recuperación ou de que a Comisión ou o Estado adopten medidas especiais ou de emerxencia, os importes máximos da axuda prevista nas alíneas b) e c) poderanse aumentar nun 20 por cento. Ademais, a exigencia de que o buque en que os membros da tripulación estivesen embarcados deba ter sido obxecto dunha paralización definitiva das actividades pesqueiras, tal como se establece na alínea b), non será de aplicación.»

Dous. A alínea d) do punto 1 do artigo 6 queda redactada como segue:

«d) Que a prima prevista na alínea b) do artigo 3 e nos supostos previstos no último parágrafo do artigo 3 sexa reembolsada proporcionalmente ao tempo transcorrido, no caso de que o beneficiario volva exercer a profesión de pescador nun ano tras o cobramento da prima.»

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 19.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúen ao Estado, respectivamente, competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases de ordenación do sector pesqueiro.

**Disposición derradeira segunda.** *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para aprobar, no ámbito da súa competencia, as normas necesarias para o cumprimento e desenvolvemento deste real decreto.

**Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.**

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de maio de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca  
e Alimentación,  
ELENA ESPINOSA MANGANA

**8424** *ORDE APA/1438/2005, do 17 de maio, pola que se modifica a Orde do 15 de decembro de 2000, pola que se establecen os baremos de indemnización por sacrificio obrigatorio dos animais afectados de lingua azul. («BOE» 122, do 23-5-2005.)*

A lingua azul ou febre catarral ovina é unha enfermidade incluída na lista A do Código Zoonosario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal. A súa propagación supón un perigo grave para o gando e podería ter consecuencias moi desfavorables para os intercambios comerciais a nivel internacional. O 13 de outubro de 2004, o programa de vixilancia da lingua azul, aplicado pola Comunidade Autónoma de Andalucía, puxo de manifesto a circulación do virus da lingua azul na parte oriental da provincia de Cádiz, téndose adoptado medidas específicas de protección a nivel nacional, con carácter urxente, mediante as ordes 3411/2004, do 22 de outubro, 3605/2004, do 4 de novembro e 3851/2004, do 24 de novembro.

Débase ter en conta que esta enfermidade provoca mortes no gando, sen sintomatoloxía previa, ou como consecuencia das medidas de control e erradicación adoptadas polas autoridades competentes, tanto en fase de sospeita como unha vez confirmada a enfermidade, o que fai preciso que os supostos indemnizables se adecuen á devandita circunstancia, ao tempo que se prevé unha aplicación retroactiva dos baremos, para ter en conta o período de incubación da enfermidade.

Mediante a Orde do 15 de decembro de 2000 establéronse os baremos de indemnización por sacrificio obrigatorio dos animais afectados de lingua azul, en aplicación da facultade de desenvolvemento do Real decreto 650/1994, do 15 de abril, polo que se establecen medidas xerais de loita contra determinadas enfermidades dos animais e medidas específicas contra a enfermidade vesicular, prevista na súa disposición derradeira primeira. É urxente, nestes momentos, modificar a contía das valoracións do gando, co fin da súa correspondente actualización, ao tempo que, de acordo co artigo 21 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, se inclúen como indemnizables os supostos antes mencionados, incluídos os animais mortos en caso de foco, como consecuencia da vacinación preventiva ou doutro tipo de medidas sanitarias impostas pola autoridade competente.

Así mesmo, a Decisión 90/424/CEE, do Consello, do 26 de xuño de 1990, relativa a determinados gastos no sector veterinario, establece as modalidades de participación financeira da Comunidade Europea. Entre os gastos elixibles para ser cofinanciados, definidos nesta decisión, inclúense as actuacións de erradicación e vixilancia de determinadas enfermidades, entre as cales se inclúe a lingua azul. Desta forma, no financiamento destas indemnizacións participan tanto a Administración xeral do

Estado como as comunidades autónomas e a Unión Europea.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados.

Na súa virtude, e ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira primeira do Real decreto 650/1994, do 15 de abril, polo que se establecen medidas xerais de loita contra determinadas enfermidades dos animais e medidas específicas contra a enfermidade vesicular porcina, que faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para a súa aplicación e desenvolvemento, dispoño:

**Artigo único. Modificación da Orde do 15 de decembro de 2000.**

A Orde do 15 de decembro de 2000 pola que se establecen os baremos de indemnización por sacrificio obrigatorio dos animais afectados de lingua azul queda modificada como segue:

Un. O texto do artigo único substitúese polo seguinte:

«Os baremos de indemnización polo sacrificio obrigatorio dos animais das especies sensibles das explotacións onde se detectasen focos de lingua azul ou febre catarral ovina, ou aqueles animais que a autoridade competente considere infectados ou sospeitosos de estalo, serán os que se detallan nos anexos. Os devanditos baremos serán, así mesmo, de aplicación:

a) Aos animais de especies sensibles, mortos por causa da devandita enfermidade, en explotación en que declarase a autoridade competente un foco de lingua azul, comprendéndose tamén neste suposto os mortos pola mesma causa desde a notificación da enfermidade, polo gandeiro, á autoridade competente.

b) Aos abortos producidos no gando ovino como consecuencia da vacinación obrigatoria contra a lingua azul ou febre catarral ovina.

c) Aos animais de especies sensibles, mortos como consecuencia da vacinación obrigatoria contra a devandita enfermidade, ou das medidas de prevención ou loita contra esta impostas pola autoridade competente.»

Dous. Substitúense os anexos polos que figuran no anexo desta orde.

**Disposición transitoria única. Aplicación retroactiva.**

Os novos baremos que resultan desta orde de modificación serán aplicables aos sacrificios obrigatorios dos animais e demais supostos indemnizables a que se refire, que se producen desde o primeiro de agosto de 2004.

**Disposición derradeira única. Entrada en vigor.**

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 17 de maio de 2005.

ESPINOSA MANGANA

«ANEXO

ANEXO I

**Ovinos e caprinos**

1. Os baremos de indemnización para o gando ovino e caprino serán do 100 por 100 dos valores descritos a continuación, calculados en función da súa categoría: